

Índices de valor unitario encadeados. Referencia ano 2005. COMUNICADO

O IGE presenta os índices de valor unitario encadeados con referencia ano 2005.


Nova fórmula de cálculo para os índices de valor unitario.

Os Índices de valor unitario con referencia o ano 2005 veñen a substituír aos IVU base 2000 que se publicaban ata o momento. As principais diferenzas son dúas: en primeiro lugar, optouse pola elaboración de índices de Fisher, os cales, segundo as recomendacións do SEC-95 son os máis adecuados para medir as variacións interanuais de prezos.

En segundo lugar, optouse pola elaboración de índices encadeados, no lugar de índices en base fixa. A vantaxe principal dos índices encadeados é a de manter unha estrutura de valoración actualizada, evitando os problemas de envellecemento e os nesgos de substitución que unha base fixa é susceptible de xerar. Os inconvenientes derivados da non actualización do período base xorden da introdución ou eliminación de produtos, cambios técnicos ou de preferencias, etc que ocasiona que aparezan ou desaparezan clases elementais ou que cambie a composición interna das mesmas (efecto composición) co conseguinte cambio de valor unitario.

Os prezos de produtos de exportación creceron a unha taxa media do 2,4% no período 1995-2006 e os de exportación un 2,3%.

Dos resultados obtidos do cálculo dos IVU encadeados referencia 2005 séguese que os prezos dos produtos de exportación galegos ao resto do mundo se incrementaron un 29,3% entre os anos 1995 e 2006, sendo o crecemento medio anual do 2,4%. Os prezos dos produtos de importación creceron un 28,5% no mesmo período, con un crecemento medio anual do 2,3%. No seguinte gráfico móstrase a evolución anual dos índices de importación e exportación, medida pola taxa de variación.



Incrementátese a información dispoñible ao publicarse índices por áreas xeográficas

Publicaranse mensualmente na páxina web www.ige.eu os seguintes índices tanto para importacións como para exportacións:

- IVU total, que abarca todo o comercio exterior.
- Por destino económico dos bens
 - 1) Bens de consumo, que se consideran a un dígito (1, Bens de consumo total) e a dous díxitos (11 Alimenticio e 12 Non alimenticio).
 - 2) Bens de investimento, que se consideran a un dígito (2, Bens de investimento total).
 - 3) Bens intermedios, que se consideran a un dígito (3, Bens intermedios total) e a dous díxitos (31 Agricultura, gandería, silvicultura e pesca, 32 Enerxéticos e 33 Industriais)
 - 4) Non enerxético, definido como o IVU de todo o comercio exterior exceptuando os bens enerxéticos de consumo (GU 1221) e intermedios (GU 32).

Os índices correspondentes ao IVU total e por destino económico a un dígito tamén se publicarán desagregados en función da súa área xeográfica de orixe (importacións) ou destino (exportacións). As áreas consideradas son UEM, UE, OCDE e RM. As áreas UEM, UE e OCDE inclúen tódolos países integrantes das mesmas a 1 de xaneiro de 2005 (ano de referencia). A área RM contén tódolos demais países non incluídos na área OCDE. Esta información non estaba incluída na base anterior.

Publicanse índices de 27 ramas de actividade para os produtos importados, 29 ramas de actividade de exportación, subseccións da CNAE-93 e seccións da CNAE-93

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>